

Recomendación ao Concello de Ourense de iniciar de oficio o procedemento de devolución do IVTM indebidamente ingresado por medio dun embargo

Expediente: L.4.Q/14693/23

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2024

Sr. alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención XXX en relación ao cobro dun recibo do IVTM correspondente ao ano 2022.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que:

- 1.- No ano 2021 cambiou o domicilio fiscal do seu vehículo desde Ourense a Calviá, concello no que reside aínda hoxe en día
- 2.- Pagou o IVTM correspondente ao exercicio 2022 no concello de Calviá, tal e como lle correspondía
- 3.- Que o día 24 de abril de 2023 foi a primeira vez que tivo consciencia de que o concello de Ourense lle estaba reclamando un imposto que xa abonara en Calviá no momento oportuno dado que non lle chegou ningunha notificación da providencia de prema ao domicilio de seus pais, enderezo que figuraba como domicilio fiscal no seu día.
- 4.- Presentou unha reclamación diante do TEAR que lle foi desestimada porque, segundo di a resolución, “non existiu ningunha actuación administrativa formalmente impugnada”
- 5.- O día 2 de maio de 2023 retiraron 71,45 e da súa conta, malia saber xa o concello que estaba reclamando e malia non ter coñecemento de ningunha prema.

Admitiuse a trámite e solicitouse informe a ese concello que o remitiu con data 22/11/23 co seguinte contido:

1º) O recibo NR 5579390 emitido ao interesado en concepto de imposto sobre vehículos de tracción mecánica correspondente ao ano 2023, consta anulado, unha vez se puido comprobar o cambio de domicilio fiscal do vehículo en data 10/4/2021, que por erro non fora comunicado pola Dirección Xeral de Tráfico a este Concello.

2º) Respecto ao recibo do ano 2022, consta notificada providencia de prema ao interesado sin que se interpuxera recurso contra a mesma dentro dos prazos establecidos. Neste senso, e a maior abastanza, compre engadir que mediante resolución do Tribunal Económico-administrativo municipal de data 21.09,2023 foi inadmitida a trámite a reclamación do interesado por deixar transcorrer os prazos para interpoñer recurso contra os actos ditados en relación coa liquidación do ano 2022, o que provoca que estes debeñan en actos firmes e consentidos.

Con posterioridade requiriuse dese concello información respecto á notificación da providencia de prema. O día 18 de xaneiro de 2024 rexistrouse nesta institución escrito remitido polo concello de Ourense no que se xunta a “proba de entrega” emitida pola Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos na que se reflicte o seguinte:

“O seu envío do 22/09/2022 para  
XXX  
Enderezo: XXX  
Resultou: entregado o día 22/09/2022 ás 11:05 horas  
Fixo a entrega o empregado: XXX  
Xestión da entrega realizada pola unidade: XXX  
Datos do receptor: JJJ”

Ao pé do certificado de entrega figura unha rúbrica no espazo para a sinatura no que se indica: “XXX DNI JJJ”

## ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRO. O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) ten como obxectivo gravar a titularidade dos vehículos matriculados que son aptos para circular pola vía pública.

O imposto IVTM aprobouse en España en xaneiro de 1990 en substitución do Imposto Municipal sobre Circulación de Vehículos. Son os concellos os encargados de recadar anualmente este imposto obrigatorio.

O imposto de circulación devíndase o primeiro día do período impositivo, é dicir, comezaría o 1 de xaneiro, ou ben cando se compra un vehículo. Págase unha vez ao ano, polo xeral, no período voluntario que vai desde o 1 de abril ao 30 de xuño. A súa validez é desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro.

O pago realízase no concello ao que pertenza o domicilio fiscal que conste no permiso de circulación do vehículo e é este organismo quen avisa ao propietario polos medios regulados (notificación colectiva no BOP, carta de pago...). De non abonarse no período voluntario, a Administración poderá reclamar o pago con recargo e mesmo proceder ao embargo da conta por impago.

SEGUNDO. Todos os vehículos teñen asociado un domicilio fiscal. Devandito domicilio é o que se ten en consideración á hora de abonar o Imposto de Circulación ou IVTM. Periodicamente, a Xefatura de Tráfico comunica aos concellos as modificacións en canto á titularidade e aos enderezos fiscais dos vehículos para a elaboración do padrón fiscal.

Na propia páxina web da DGT expónse a obrigatoriedade de modificar o domicilio e explícase como pode realizarse tal cambio, tanto de xeito presencial como on line diante da propia DGT.

Tal e como resulta do exposto polo interesado e recoñecido polo concello de Ourense, XXX tramitou en tempo e forma a modificación do enderezo do vehículo tras mudarse a Calviá. Dita modificación levouse a cabo o día 10/04/2021 polo que o recibo do exercicio 2022 abonouse xa no concello de Calviá, tal e como correspondía.

Segundo indica o concello de Ourense no seu informe, de tal modificación non se deu conta á Administración municipal que seguiu devengando este imposto como nos exercicios anteriores e notificando o mesmo por medio do BOP.

Ao non pagar o IVTM o interesado o concello deu comezo á recadación executiva. XXX sinala, tanto no seu recurso coma no escrito de queixa, que non lle foi notificada a providencia de prema ao domicilio familiar. Porén, o concello achega a proba de entrega de dita notificación remitida por Correos na que se constata que foi recollida por unha persoa co DNI que figura na documentación xuntada pola empresa estatal. Polo tanto, a prema foi efectivamente notificada. Así o afirma, tamén, a resolución do TEAR na que se expón que se desestima porque non houbo actuación administrativa recorrida en tempo e forma.

TERCEIRO. Con todo, estamos diante dun imposto que foi abonado no concello que figuraba como enderezo fiscal do vehículo e, polo tanto, non debía ser reclamado polo concello de Ourense. Sinala esta Administración que non foi responsabilidade municipal este erro senón que a DGT non comunicou a modificación dos datos do vehículo. Admitindo este feito, tampouco pode ser achacado ao interesado que seguiu as indicacións que figuran na web da DGT e que non debe sufrir as consecuencias de dito erro.

Un ingreso caracterízase como indebido cando trae a súa causa do pago dunha débeda tributaria e non existe razón para a súa percepción.

O art. 32 da LXT dispón que “A Administración tributaria devolverá aos obrigados tributarios, aos suxeitos infractores ou aos sucesores duns e outros, os ingresos que indebidamente se realizaron no Tesouro Público con ocasión do cumprimento das súas obrigacións tributarias ou do pago de sancións”. O procedemento para a devolución deste tipo de ingresos está regulado no art. 221 da LXT. No seu apartado 1) sinala que:

“O procedemento para o recoñecemento do dereito á devolución de ingresos indebidos iniciarase de oficio ou a instancia do interesado, nos seguintes supostos:

- a) Cando se produciu unha duplicidade no pago de débedas tributarias ou sancións.(..)”

O procedemento está regulado nos artigos 14 a 20 do RD 520/2005, así como nos artigos 131 e 132 do RD 1065/2007.

O artigo 14.1 do Real Decreto 520/2005, do 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de revisión en vía administrativa sinala que: terán dereito a solicitar a devolución de ingresos indebidos as seguintes persoas ou entidades:

- a) Os obrigados tributarios e os suxeitos infractores que realizen ingresos indebidos no Tesouro público con ocasión do cumprimento das súas obrigacións tributarias ou do pago de sancións, así como os sucesores duns e outros

Pola súa banda, o artigo 15 dispón os supostos de devolución entre os que se atopan os previstos no artigo 221.1 xa mencionado.

Así mesmo, o artigo 217.1 da LXT dispón que:

“Poderá declararse a nulidade de pleno dereito dos actos ditados en materia tributaria, así como das resolucións dos órganos económico-administrativos, que puxesen fin á vía administrativa ou que non fosen recorridos en prazo, nos seguintes supostos:

(..)

g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal”

CUARTO. Polo tanto, o ingreso efectuado por medio do embargo, resulta indebido polo feito de que o imposto fora xa devengado no concello que lle correspondía (duplicidade) e non pode ser responsabilizado o interesado deste erro.

O concello foi coñecedor da situación producida e pode proceder á devolución de dito ingreso, ben declarando a nulidade da resolución ben iniciando de oficio o procedemento de devolución de ingresos indebidos ao abeiro do artigo 221 da LXT.

#### CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello a seguinte recomendación:

Avaliar, dentro da súa capacidade organizativa, iniciar de oficio o procedemento de devolución do IVTM indebidamente ingresado por medio dun embargo, tendo en conta que dito imposto xa fora ingresado no concello correspondente

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con



especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo